



*Juiza Villalta*

4º Educación Infantil

# Día das letras galegas 2024



DÍA



DAS

LETRAS



GALEGAS



U. DIDÁCTICA PICTOGRAMAS

## LUÍSA VILLALTA GÓMEZ

ED. INFANTIL

Luísa Villalta Gómez naceu na cidade da Coruña.

De pequena estudou na súa cidade natal, a primaria no colexio das Xosefinas e o bacharelato no Instituto Eusebio da Guarda.

Estudou na Universidade de Santiago e foi profesora de Lingua e Literatura Galega en varios institutos da provincia da Coruña.

Escribiu en moitas revistas e xornais galegos e tocou o violín en varias orquestras.

O seu primeiro libro foi unha obra de teatro, *Concerto para un home só*, ao que seguiron unha chea máis de libros de poesía, narrativa, teatro, ensaio...

Pola defensa da cultura de Galicia e do idioma galego a Real Academia Galega dedícalle, o 17 de maio, o Día das Letras Galegas.







Luísa Villalta, á esquerda, con Susana, a súa irmá pequena.



Luísa formou parte, como violinista, da Xove Orquestra de Galicia e da Orquestra de Santiago.


NO DÍA DAS LETRAS GALEGAS DESTE ANO HOMENAXEAMOS UNHA ESCRITORA GALEGA



LUÍSA ESCRIBIU MOITOS LIBROS DE POESÍA EN GALEGO.





LUÍSA VILLALTA GÓMEZ NACEU NA CIDADE DA CORUÑA.




			
COLOREA	O LUGAR NO	QUE NACEU	LUÍSA


O MONUMENTO MÁIS IMPORTANTE DA CIDADE ONDE NACE LUÍSA É UNHA TORRE, A DE HÉRCULES.



LUÍSA FOI PROFESORA DE LINGUA E LITERATURA GALEGA EN VARIOS INSTITUTOS DA CORUÑA.



LUÍSA VILLATA FORMOU PARTE DA XOVE ORQUESTRA DE GALICIA.





## AS CHAVES DO TEMPO

.XVII

...

A través da xanela víanse pasar nubes, a moita velocidade, dando luz e sombra alternadamente á estancia. Logo veu a noite, pero axiña veu o día outra vez. As árbores medraban ostensiblemente, movíanse as ramas e expandíanse as follas. A madeira do chan facía ruídos, como se insectos ou ratos andasen a rillala por dentro. De cando en cando caía como unha chuvia que axiña secaba. Outra vez veu a noite. Os tres continuaron bebendo até que a botella ficou valeira. Pasarían como setenta veces sete días, a contar polo número de ocasións en que saíu o sol e desapareceu, cando Merlín retomou a palabra.


-»Agora que sabedes o noso grande misterio, podedes preguntarme o que queirades».

Don Pedro tardou algo tamén en recuperar a fala. Sen conciencia do tempo meditou e, despois de minutos que quizá fosen anos, contestou:

-»Supoño que non fai falta contar todo o que pasou desde que o meu pai, o Rei don Arturo...»




-»O Vello», interrompeu Merlín.

-»O Vello», confirmou don Pedro.



- 1** ► VERMELLO
- 2** ► AZUL
- 3** ► VERDE









1




2

3

			
CONTA	AS ESTRELAS	E ARRODEA	O NÚMERO



			
LOCALIZA	AS TRES	DIFERENZAS	COLOREA




## TEORÍA DE XOGOS

...

O inverno avanzaba. Nunha terra chuviñenta como esta nótanse perfectamente os pequenos choutos que dá o ano cando, de pronto, un día amañece especialmente soleado como anuncio dun remanso, para chover despois dunha tempada, logo outra vaga de calor e, semana tras semana, pouco a pouco nos vai levando ao verán. Son como portas que se abren no ar e, nunha desas, aparecen as mesmas rúas de sempre máis espidas e directas, por así dicir, en mangas de camisa. Ao saírmos da oficina, a calor chegaba a ser, por veces, imprevista e molesta.






**PRIMAVERA**




**VERÁN**



**OUTONO**




**INVERNO**





COLOREA



RECORTA



VISTE





A NENA



E O NENO





COLOREA



RECORTA





VISTE



A NENA



E O NENO



DEBUXA UNHA PAISAXE